

De viaxe!

No curso 2021-2022 o tema do PDI promovido desde a Biblioteca Escolar Brea Segade é De viaxe! As viaxes, os viaxeiros e as viaxeiras serán os fíos condutores do traballo documental, as actividades de animación á lectura e as actividades de formación de usuarios/as que se leven a cabo no colexio ao longo do curso. O tema de traballo do PDI pretende afondar na descuberta doutros mundos e outras culturas desde o coñecemento e posta en valor do propio e desde o respecto á diversidade cultural e á diferenza.

QUE É UN PDI?

Proxecto Documental Integrado: Traballos de investigación cos que o alumnado afonda nun tema concreto ao tempo que descubre e pon en práctica estratexias de busca de información e traballo documental, usando os recursos ofertados pola biblioteca escolar.

Un PDI é un Proxecto porque persegue un fin. Temos un plan para aprender algo sobre un determinado tema no que, procuraremos que se reúnan varias materias. Esa aprendizaxe é significativa, o alumnado participa activamente, é o protagonista do proceso.

Un PDI é Documental porque ten tres fases:

1. Recollida de información (documentación)
2. Tratamento da información recollida (análise e reflexión)
3. Producción (produto, obra final)

Un PDI é Integrado porque implican coñecementos e contidos de diversas áreas de coñecemento, así como o uso de materiais diversos, de ficción, de non ficción, escritos, audiovisuais, orais... Poñemos o acento nos procedementos pero tendo moi presentes os contidos. O alumnado pasa a ser o centro do traballo e o mestre/a un guía que ofrece modelos, conduce e reconduce. Cos proxectos documentais integrados, o alumnado deixa de ser mero consumidor de información a ser produtor da mesma. O profesorado, dependendo das idades e maduración do alumnado, poderá propoñer proxectos de diferente dificultade, tanto desde o punto de vista das fontes utilizadas (unha, dúas..., todas no mesmo soporte, de soportes variados...) coma dos produtos elaborados (un único produto, todos o mesmo, diversos...).

Desde a BBS propoñemos:

1. Usar **as viaxes, os viaxeiros e as viaxeiras**, como temática que nos permita investigar, reelaborar información e crear producións propias en diferentes formatos: contos, textos informativos, dramatizacións, murais, xogos de rol, programas de radio, montaxes audiovisuais...

2. Estratexias de traballo:

- Proxectos levados a cabo desde as titorías
- Obradoiros en grupos de convivencia
- Conmemoracións do *Calendario do Libro da Lectura*
- Celebracións a abordar desde o PDI

3. Temáticas a traballar desde as aulas

- No **1º trimestre**

Medios de transporte, tipos de viaxes, expedicións científicas, grandes viaxeiros/as da historia, cartografía.

- No **2º trimestre**

Exilios e migracións.

Camiño de Santiago

Descuberta de Galicia, países, continentes.

- No **3º trimestre**

Camiño de Santiago

Descuberta de Galicia, países, continentes.

Na última semana de cada trimestre, ou cando cada titoría ou especialista considere, farase unha posta en común virtual dos proxectos (vídeo, presentación, programa de radio, podcast...) ou unha exposición en forma de mural.

4. *Calendario do Libro e da lectura*

- Outubro: *Mes da Biblioteca Escolar*
- Novembro: *Mes da Ciencia en galego*
- Febreiro: *13 febreiro: Día Mundial da Radio*
24 febreiro: Día de Rosalía
- Marzo: *Mes da Poesía*
- *Abril, mes dos libros*

5. *Celebracións e Conmemoracións*

- *Día escolar pola Paz*